

A MIÑA CATIVA LEMBRANZA DE CASTELAO

Por XESÚS FERRO COUSELO

Ahí vos vai iste traballiño, curto e ben cativoiro (pregáronme que non fose longo).

Vai a modo de notas, pois, pra meterse máis a fondo, compría un estudo de cara á obra do noso artista, tanto no terreo literario coma no das artes plásticas e do dibuxo, o que, por mor do tempo e das circunstancias, me non é hoxe doado. Somentes pra encher unha obriga que, coido coma ós demáis, tivo a ben me impor a nosa Academia, inda que pouco é o que poderíamos apreixar en dúas follas.

E feito iste breve cumprimento, imos ó desenrolo do tema que tiven a ben de escoller, por serme cicáis o máis doado.

De Castelao sempre lembrarei aquelas tan animadas parolas que nos daba en col do arte escenográfico do teatro ruso, nas xuntanzas que tiñamos por aquel entón no Café Cristina da rúa do Arenal de Madrid (facía pouco que estivera en Rusia); aqueles "mitins" que engayolaban ós nosos paisanos e un feito que tivo lugar en Pontevedra, cando o 7 de decembro do 1931 no Gran Salón do Hotel "Madrid", perto da vella Estación do Ferrocarril, foron discutidos os Estatutos do Partido Galeguista, creado naquela data. A rente de Castelao, un dos concurrentes tivo un desmaio. Todo apurado, pidéu que se chamara a un médico e alguén que alí estaba, ó seu carón, preguntoulle: "E logo tí ¿qué es?". A resposta foi: "Pois xa me esquecera de que o fora e de que seique o son aínda".

Castelao, como todos sabemos, era licenciado en Melciña, pro entón exercía como funcionario de Estadística, en Pontevedra,

e como profesor de Dibujo no Instituto de Enseñanza Media. No café "Moderno" ¡cántas veces tivemos a sorte de escoitar a súa palabra, sempre encendida e engaiolante prós seus ouvintes!

Unha das súas derradeiras "cousas", que non vos son ningún conto, ocorreu en Buenos Aires, onde lle foran con certos falares encol de un seu vello amigo, que lle non sentaron alá moi ben. Estaba cáseque nas últimas do seu mal e, no leito da súa dolor, tivo unha lembranza pra Pontevedra dos seus amores. Ao Rodolfo Prada, que ficaba ó seu carón, díxolle daquela: "Quixera inda poder chegarme a Pontevedra pra ir a darlle unhas boas lapadas e logo unha moi forte aperta". ¡Ansí era de bón e xeneroso!